

## 4.3. prestacións económicas

**A** hora de abordar a análise das prestacións económicas, o estudio divídese en tres bloques. Nunha primeira parte, abórdase o estudio dos beneficiarios e o importe medio das pensións contributivas, para analizar posteriormente a situación das pensións non contributivas, das pensións por desemprego e da renda de inserción social (Risga).

Para a realización da análise das prestacións económicas utilízanse os datos facilitados polo Ministerio de Trabajo y Asuntos Sociales, o INEM e a Consellería de Sanidade e Servizos Sociais.

O punto de partida do estudio recollido neste apartado é o **cadro C.4.8.** (*Resumo das prestacións 1999-00: beneficiarios e importe medio segundo tipo de cobertura*), no que se amosa un resumo dos datos de beneficiarios e o importe medio dos diferentes tipos de protección.

### Pensións contributivas

O número medio (anual) de beneficiarios en Galicia que no ano 2000 cobraba algún tipo de pensión da Seguridade Social ascendeu a 667,4 miles de persoas, cun importe medio de 65.200 pesetas. O número de pensións en Galicia aumentou un 1,1% en relación a 1999, mentres que para o conxunto do estado a taxa de crecemento foi dun 1,2%. O peso relativo das pensións galegas no total español pasa do 8,79% do ano 1999 ó 8,78% do ano 2000.

Ó igual que no ano anterior, Galicia é a quinta comunidade con maior número de pensións, sendo superada por Cataluña, Andalucía, Madrid e C. Valenciana. Ademais, Galicia non só segue sendo a comunidade autónoma co importe medio máis baixo, senón que o diferencial co importe medio estatal volve a aumentar no ano 2000 respecto ó ano precedente: 12.700 pesetas en 1999 fronte ás 12.100 pesetas do ano anterior.

Desagregando o estudo segundo os diferentes tipos de pensións, o **cadro C.4.7.** (*Pensións da Seguridade Social nas CC.AA. 1999-00: beneficiarios e importe medio segundo clase de pensión*) reflicte o descenso do número de pensións de incapacidade permanente dende as 58,4 miles de pensións de 1999 ata as 58,0 miles de pensións do ano 2000. En canto ó seu importe medio, este ascendeu ata as 74,7 miles de pesetas, sendo a terceira comunidade co importe medio máis baixo, por diante de Murcia, con 71,4 miles de pesetas, e Estremadura, con 72,4 miles de pesetas.

Respecto ás pensións por xubilación e viuvez, estas ascenderon a 424,1 e 160,0 miles de pensións, respectivamente, o que representa o 9,4% do total das pensións de xubilación de España e o 8,0% das pensións de viuvez. Os seus importes medios son os máis baixos do estado con 73,0 e 46,1 miles de pesetas, respectivamente.

O menor importe medio das pensións galegas en comparación coas outras comunidades agrávase polo feito de que segue aumentando o diferencial coa media estatal, pasando de 14.400 pesetas en 1999 ás 14.600 pesetas do ano 2000 no caso das pensións de incapacidade permanente; das 15.200 pesetas ás 16.100 no caso das pensións de xubilación; das 8.500 pesetas ás 9.100 pesetas no caso de viuvez; e das 1000 pesetas ás 1.100 no caso das pensións por orfandade e favor familiar.

### Pensións non contributivas

Tal e como reflicte o **cadro C.4.10.** (*Pensións non contributivas nas CC.AA. 1999-00: beneficiarios*), o número total de beneficiarios das pensións non contributivas creceu en Galicia un 3,2% no ano 2000 respecto ó ano anterior, sendo este crecemento 0,2 puntos superior ó experimentado polo conxunto do estado. Nos últimos anos, Galicia é a terceira comunidade con maior número de beneficiarios (52.621 beneficiarios), despois de Andalucía e Cataluña, con 105.912 e 58.193 beneficiarios, respectivamente.

Tendo en conta os dous tipos de pensións non contributivas, as de invalidez e as de xubilación, o devandito **cadro C.4.10.** amosa que o 51,1% do total de beneficiarios corresponde ás primeiras, e o restante 48,9%, a pensións de xubilación. Comparado co ano anterior, conséntase o descenso da importancia relativa das pensións de invalidez no total estatal (medran un 2,7% fronte ó 3,5% do total estatal) e o aumento do peso relativo das pensións de xubilación, que medran un 3,7% fronte ó 2,4% do conxunto do estado.

Continúa a redución do número de beneficiarios de prestacións sociais e económicas da Lei de Integración Social dos Minusválidos (Lismi) e das pensións asistenciais. No primeiro caso, como reflicte o **cadro 4.3.1.**, rexistrouse un forte descenso do número de beneficiarios, que no caso galego, baixou un 17,7% respecto a 1999, sendo comunidade onde máis descende o número de beneficiarios destas prestacións.

O número de beneficiarios destas prestacións en Galicia ascendeu no ano 2000 a 6.905, sendo a súa importancia relativa no conxunto de España do 6,1% (o 6,6% en 1999).

Finalmente, en relación ós beneficiarios das pensións asistenciais, o devandito **cadro 4.3.1.**, o seu número reduciuse no ano 2000 nun 39,6% respecto ó ano precedente, pasando de 3.789 beneficiarios en 1999 ós 2.290 do ano 2000. O peso relativo destes beneficiarios no conxunto estatal descende do 4,6% de 1999 ó 3,4% do ano 2000.

### Prestacións por desemprego

Como reflicte o **cadro 4.3.2.**, o número total de beneficiarios por prestacións de desemprego, a diferenza do acontecido no ano anterior, medra no ano 2000 en Galicia acadando as 62.592 persoas, o que supón un crecemento do 2,2% respecto ó ano precedente.

Respecto ó tipo de prestación, un 50,3% dos beneficiarios cobrou as prestacións de nivel asistencial, correspondendo o 49,7% restante, a

CADRO 4.3.1.

**Beneficiarios das prestacións sociais e económicas da LISMI e das pensións asistenciais nas CC.AA. 1999-00**

	LISMI			Pensións asistenciais		
	1999	2000	00/99	1999	2000	00/99
	(en medias anuais)			(en medias anuais)		
			%			%
Andalucía	23.331	20.816	-10,8	27.914	24.844	-11,0
Aragón	3.500	3.106	-11,3	619	477	-22,9
Asturias	4.898	4.293	-12,4	834	616	-26,1
Baleares	1.277	1.137	-11,0	1.307	1.063	-18,7
Canarias	1.349	1.181	-12,5	8.185	7.297	-10,8
Cantabria	2.013	1.812	-10,0	493	415	-15,8
Castela-A Mancha	8.785	7.876	-10,3	4.878	4.061	-16,7
Castela e León	13.807	12.136	-12,1	4.673	3.963	-15,2
Cataluña	12.270	11.004	-10,3	6.013	4.299	-28,5
C. Valenciana	11.697	10.385	-11,2	7.566	6.597	-12,8
Extremadura	9.721	8.588	-11,7	3.584	3.001	-16,3
Galicia	8.392	6.905	-17,7	3.789	2.290	-39,6
Madrid	9.018	8.144	-9,7	7.867	5.916	-24,8
Murcia	15.368	13.543	-11,9	3.079	2.057	-33,2
Navarra	-	-	-	624	510	-18,3
País Vasco	-	-	-	-	-	-
A Rioxa	721	653	-9,4	86	76	-11,6
Ceuta e Melilla	1.597	1.422	-11,0	643	576	-10,4
<b>Total</b>	<b>127.744</b>	<b>113.001</b>	<b>-11,5</b>	<b>82.154</b>	<b>68.058</b>	<b>-17,2</b>
G/E (%)	6,6	6,1		4,6	3,4	

Fonte: Ministerio de Trabajo y Asuntos Sociales

CADRO 4.3.2.

**Beneficiarios e importes dos gastos de prestacións por desemprego 1999-00**

	1999					
	Beneficiarios			Importe do gasto en subsidio de desemprego		
	Contributiva	Subsidio	Tota beneficiarios	Gasto de subsidio	Gasto de cotas	Total Gasto de subsidio
	(media)			(en millóns de pesetas)		
A Coruña	12.352	12.546	24.898	8.351	1.588	9.939
Lugo	2.908	3.841	6.749	2.398	476	2.874
Ourense	3.320	5.431	8.751	3.493	703	4.196
Pontevedra	10.297	10.550	20.847	7.145	1.332	8.477
<b>Total</b>	<b>28.877</b>	<b>32.368</b>	<b>61.245</b>	<b>21.387</b>	<b>4.099</b>	<b>25.486</b>

  

	2000					
	Beneficiarios			Importe do gasto en subsidio de desemprego		
	Contributiva	Subsidio	Tota beneficiarios	Gasto de subsidio	Gasto de cotas	Total Gasto de subsidio
	(media)			(en millóns de pesetas)		
A Coruña	14.379	12.279	26.658	8.123	1.562	9.685
Lugo	3.012	3.715	6.727	2.324	468	2.792
Ourense	3.176	5.319	8.495	3.436	692	4.128
Pontevedra	10.544	10.168	20.712	7.057	1.366	8.423
<b>Total</b>	<b>31.111</b>	<b>31.481</b>	<b>62.592</b>	<b>20.940</b>	<b>4.088</b>	<b>25.028</b>

Fonte: Ministerio de Trabajo y Asuntos Sociales

beneficiarios de prestacións de nivel contributivo. As prestacións de nivel asistencial corresponde ó 75% do salario mínimo interprofesional, que para 2000 foi de 70.680 pesetas ó mes.

Atendendo á distribución provincial, o **cadro 4.3.2.** amosa que a provincia de A Coruña

foi a única provincia que experimentou un crecemento no número de beneficiarios de prestacións por desemprego, que acada os 26.658 beneficiarios (un 7,1% máis que en 1999). Por detrás, séguelle Pontevedra, con 20.712 persoas, un 0,6% inferior ó ano 1999, e Ourense e Lugo, con 8.495 e 6.727 beneficiarios, respectivamente.

CADRO 4.3.3.

**Risga e Axudas de Emerxencia Social 2000: beneficiarios e presupostos**

	Beneficiarios		Presupostos	
	Risga	AES	Risga	AES
	(en millóns de pesetas)			
A Coruña	1.731	342	912,5	51,6
Lugo	426	189	211,2	32,5
Ourense	421	184	184,5	38,7
Pontevedra	1.578	529	805,3	57,9
<b>Total</b>	<b>4.156</b>	<b>1.244</b>	<b>2.113</b>	<b>180,7</b>

Fonte: Dirección Xeral de Servizos Sociais

CADRO 4.3.4.

**Resolución das solicitudes presentadas á Risga e ás AES 1999-00**

	1999	2000		
	totais	totais	Risga	AES
solicitudes a resolver	4.369	4.318	2.330	1.988
presentadas no ano	3.942	3.898	2.048	1.850
pendientes do ano anterior	427	420	282	138
solicitudes resoltas	3.949	3.912	2.065	1.847
solicitudes present. / resoltas (%)	0,0	90,6	88,6	92,9
solicitudes desestimadas	1.393	1.276	673	603

Fonte: Dirección Xeral de Servizos Sociais

CADRO 4.3.5.

**Risga e Axudas de Emerxencia Social 1999-00: solicitudes rexistradas**

	Risga		Axudas de emerxencia social	
	1999	2000	1999	2000
A Coruña	832	834	584	574
Lugo	275	220	186	247
Ourense	258	242	342	347
Pontevedra	918	752	547	682
<b>Total</b>	<b>2.283</b>	<b>2.048</b>	<b>1.659</b>	<b>1.850</b>

Fonte: Dirección Xeral de Servizos Sociais

O devandito **cadro 4.3.2.** reflicte que o total do gasto de subsidio de desemprego ascendeu a 25.028 millóns de pesetas no ano 2000 (25.486 no ano anterior), dos que 20.940 corresponden a gastos de subsidios e 4.088 a gastos de cotas.

A taxa de cobertura bruta das prestacións por desemprego, **cadro C.4.11.** (*Beneficiarios de prestacións por desemprego e paro rexistrado 1999-00*), que mide a relación entre perceptores e o paro rexistrado, acadou en Galicia no ano 2000 o 46,19% fronte ó 44,04% do ano anterior, sendo no conxunto do estado do 52,53%. A provincia de Ourense segue a se-la

provincia coa taxa de cobertura máis elevada, acadando o 50,57%.

O devandito **cadro C.4.11.** reflicte un aumento da relación entre beneficiarios das prestacións contributivas e o paro rexistrado, que pasa do 20,76% de 1999 ó 22,96% do ano 2000, permanecendo practicamente constante a relación entre beneficiarios de subsidios e o paro rexistrado.

### Renda de inserción social

Na análise da renda de inserción social de Galicia (Risga) tense en conta os datos referidos

ó número de beneficiarios e orzamentos da Risga e das axudas de emerxencia social (AES). Asemade, preséntanse os datos da xestión administrativa da Risga e das AES.

Respecto á Risga, o número de beneficiarios no ano 2000 ascendeu a 4.156 persoas (4.292 beneficiarios en 1999), das que o 69% eran mulleres. Tendo en conta que esta renda beneficia á unidade familiar e que esta está formada por unha media de tres persoas, o número de beneficiarios desta renda de integración no 2000 ascendeu a 12.468 galegos.

O perfil dos perceptores da Risga é dunha muller de 25 a 34 anos de idade, separada, que vive coa súa familia propia nuclear e que maioritariamente reside no medio urbán.

O presuposto dedicado ó pagamento das axudas da Risga, **cadro 4.3.3.**, ascendeu a 2.113,4 millóns de pesetas, un 4,6% superior ó existente en 1999.

No ano 2000, das 2.330 solicitudes a resolver (282 delas, pendentes do ano anterior), foron resoltas 2.065 (1.392 estimadas e 673 denegadas), polo que a porcentaxe de resolución foi do 88,6%.

No concernente ás axudas de emerxencia social, invistiuse un total de 181 millóns de pesetas, dos que se beneficiaron 1.244 persoas. Ó longo de 2000 houbo un total de 1.988 solicitudes a resolver (138 pendentes do ano anterior), das que foron resoltas 1.847 (1.244 estimadas e 603 denegadas), é dicir, o 92,9%. ■